

**1. PRESIDENTE:**

- Concelleira Delegada de Contratación. Suplente: Don Santos Hector Rodríguez-Díaz, Don Xulio Calviño Rodríguez e Dona María Jesús Lago Rey.

**2. VOGAIS:**

- Don Santos Hector Rodríguez-Díaz, Concelleiro que será suplente da Presidenta. Suplente: Dona Isaura Abelairas Rodríguez.
- Don Carlos Comesaña Abalde, Concelleiro. Suplente: Don Antonio Martiño Gómez.
- Don Xesús López Carreira, Concelleiro. Suplente: Xabier Alonso Pérez, Concelleiro.

**3. TITULAR DA ASESORÍA XURÍDICA:**

Sustitutos do titular da Asesoría Xurídica na Mesa de Contratación do Concello de Vigo, para os casos de vacante, ausencia ou enfermidade deste, pola orde que segue, aos seguintes funcionarios da Asesoría Xurídica:

- Dona Margarita Parajó Calvo, técnica de administración xeral, xefa do servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica
- Don Pablo Olmos Pita, técnico de administración xeral, letrado da Asesoría Xurídica.
- Don Secundino Otero Failde, técnico de administración xeral, letrado, da Asesoría Xurídica.
- Dona Susana García Álvarez, técnica de administración xeral, letrada adxunta ao xefe do servizo do Contencioso da Asesoría Xurídica.
- Don Xesús Costas Abreu, técnico de administración xeral, letrado xefe deste último servizo.

**4. INTERVENTOR XERAL:**

- Suplente: Dona Catalina Alfayate Rodriguez, Técnico Medio dos Servizos Económicos da Intervención Xeral y Dona Dolores Hernández Vidal. Segundo suplente: Don Javier Muradas Blanco.

**5. SECRETARIA XERAL DO PLENO:**

- Suplente: Titular do Organo de Apoio á Xunta de Goberno .

**6. XEFE DO SERVIZO:**

- Xestor do expediente que se trate ou persoa na que delegue

**7. SECRETARIO:**

- José Manuel Vieites Alén, xefe da oficina administrativa de Contratación. Suplente:

Dona Sela Bernardez Gil, Técnica de Administración Especial do Servizo de Patrimonio e Beatriz Barbara Rodríguez, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Patrimonio.

O que se fai público para coñecemento xeral,

Vigo, a 24 de agosto 2010.—A Concelleira Delegada de Contratación, Raquel Díaz Vázquez.

**2010009364**

---

**A N U N C I O**

**CONVOCATORIA DE AXUDAS AOS/ÁS PROPIETARIOS/AS QUE CAREZAN DE RECURSOS SUFICIENTES PARA A REALIZACIÓN DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS (ITE) CORRESPONDENTE AO ANO 2010 (EXPTE. 4260/428).**

Con data do 12 de agosto de 2010 o delegado da Área de Urbanismo e Vivenda, Don José Manuel Mariño Mendoza, ditou a seguinte resolución, que literalmente di así:

1. Aprobar a convocatoria de axudas aos/ás propietarios/as que carezan de recursos suficientes para a realización da Inspección Técnica de Edificacóns (ITE) correspondente ao ano 2010, co texto contido no Anexo da presente resolución.
2. Ordenar a publicación da convocatoria contida no Anexo da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no diario de maior difusión da provincia.
3. Contra a presente resolución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á súa publicación no BOP, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación no BOP.

A convocatoria de referencia ten o seguinte teor literal:

**ANEXO**  
**CONVOCATORIA DE AXUDAS AOS/ÁS PROPIETARIOS/AS QUE CAREZAN DE RECURSOS SUFICIENTES PARA A REALIZACIÓN DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS (ITE) CORRESPONDENTE AO ANO 2010.**

**1. OBXECTO, CONDICIÓNS E FINALIDADE DA CONCESIÓN DE AXUDAS**

O obxecto da presente convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva é achegar axudas a aqueles/as propietarios/as que, estando obrigados/as á presentación do informe de Inspección Técnica de Edificacóns (ITE) no ano 2010, acrediten a carencia de recursos económicos

para afrontar os gastos derivados da elaboración dese informe, esixible imperativamente conforme á Ordenanza municipal reguladora da ITE do Concello de Vigo (BOP nº 93, do 16 de maio de 2005).

As condicións para a concesión das axudas serán as indicadas na presente convocatoria e nas Bases Reguladoras da mesma.

A finalidade da concesión das axudas é a de facilitar o cumprimento da obriga de conservación imposta aos/ás propietarios/as de toda clase de construcións e edificacións nos artigos 9 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e 9 do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo.

## 2. BASES REGULADORAS

As Bases Reguladoras que rexen a presente convocatoria aprobáronse mediante a Ordenanza reguladora das bases polas que se regula o outorgamento de axudas aos propietarios que carezan de recursos suficientes para a realización da ITE (BOP nº 104, do 30 de maio de 2008).

## 3. FINANCIAMENTO

O importe total das axudas a conceder non excederá do límite de 24.000 euros e financiarase con cargo á partida 1510.4890000 “Axudas a particulares da ITE” dos orzamentos da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) para o ano 2010, aprobados definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo na data 9 de abril de 2010.

## 4. BENEFICIARIOS/AS

De acordo coa Base Primeira-2 das Bases Reguladoras só poderán ser beneficiarios/as desta subvención as persoas físicas que sexan propietarias dun único inmovible de uso principal residencial, que acrediten a súa condición e xustifiquen carecer de recursos económicos suficientes para a asunción do custo derivado da emisión do informe da ITE.

Entenderase que o/a solicitante carece de recursos cando se dean as seguintes circunstancias:

- Ingresos: A renda ponderada da unidade de convivencia non sexa superior a 1,3 veces o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM). De acordo coa Lei 26/2009, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2010 (BOE nº 309, do 24 de decembro de 2009), a dita renda non poderá ser superior a 9.691,68 euros (7.455,14 euros x 1,3) para o ano 2010, sen incluír pensións de incapacidade ou outras subvencións por invalidez ou minusvalidez.

- Patrimonio: Non poderá ser titular doutros bens inmoebles e o inmovible obxecto da axuda será a súa vivenda habitual.

Non poderán ser beneficiarios/as desta subvención as persoas xurídicas, comunidades de bens, nin comunidades de propietarios en réxime de propiedade horizontal. Non obstante, poderán solicitar as subvencións convocadas e ser beneficiarios das mesmas a título particular as persoas físicas que integren as ditas comunidades de propietarios en réxime de propiedade horizontal.

De acordo co obxecto desta convocatoria, as persoas indicadas anteriormente unicamente poderán resultar beneficiarias das axudas cando, segundo o disposto na Disposición Transitoria Única da Ordenanza da ITE, estean obrigadas á presentación do informe da ITE no ano 2010.

## 5. DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA E CRITERIOS DE VALORACIÓN

En orde a acreditar a condición de beneficiario/a, as persoas interesadas presentarán as súas solicitudes no Rexistro Xeral da XMU ou do Concello de Vigo, ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP-PAC). Estas solicitudes formalizaranse no modelo previsto no Anexo I das Bases Reguladoras, o cal pode descargarse desde a páxina web do Concello de Vigo:

([http://hoxe.vigo.org/pdf/urbanismo/ite\\_axudas.pdf](http://hoxe.vigo.org/pdf/urbanismo/ite_axudas.pdf))

Xunto a este modelo debidamente cumprimentado achegarase a documentación sinalada na Base Segunda-1 das Bases Reguladoras, que tamén pode consultarse no mesmo enlace da páxina web.

Os criterios de valoración das solicitudes serán os indicados na Base Cuarta das ditas Bases.

## 6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

De acordo co disposto na Base Segunda-1 das Bases Reguladoras, o prazo de presentación de solicitudes será de tres meses desde a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

De acordo coa Base Terceira, non se estimarán as solicitudes de subvención para a realización de ITEs fóra de prazo, entendéndose como tales as solicitudes vinculadas a informes da ITE presentados fóra do prazo ordinario indicado na Disposición Transitoria Única da Ordenanza da ITE (ano 2010 para as edificacións construídas entre os anos 1960 e 1969).

Non se estimarán en ningún caso as solicitudes relativas a informes da ITE presentados dentro do prazo específico de tres meses outorgado trala notificación ao/á interesado/a do requirimento expreso sinalado no artigo 6.2 da Ordenanza da ITE.

## 7. ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO

A instrución do procedemento levarase a cabo de acordo co disposto na Base Segunda-2 das Bases Reguladoras, e polos órganos sinalados na mesma.

A resolución do procedemento corresponderá á Xunta de Goberno Local ou ao órgano en quen delegue, previo informe de fiscalización e toma de coñecemento polo Consello da XMU, de acordo co disposto na Base Segunda-3 das ditas Bases.

## 8. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A xustificación da subvención realizarase de acordo coa Base Sétima das Bases Reguladoras. O prazo para presentar a conta xustificativa será, como máximo, de tres meses contados desde a finalización do prazo para presentar o informe da ITE.

## 9. RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE

De acordo coa Base Segunda-3 das Bases Reguladoras o prazo de resolución do expediente será de tres meses contados desde o remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorridos os mesmos sen resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude.

O prazo de notificación da dita resolución será o xeral previsto no artigo 58.2 da LRXAP-PAC. A publicidade dos acordos de concesión de axudas aos/ás beneficiarios/as realizarase de conformidade coa Base Oitava-3 das ditas Bases, mediante a publicación no taboleiro de anuncios da XMU nos termos do artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Tamén serán publicadas na páxina web do Concello ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), no apartado referente á ITE da XMU.

## 10. RECURSOS

Contra a presente convocatoria e as resolucións que se diten en execución da mesma poderán interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano municipal autor do acto administrativo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación ou, no seu caso, publicación do acto que se recorra; ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da notificación ou, no seu caso, publicación do acto que se recorra.”

Vigo, a 12 de agosto de 2010.—O delegado da Área de Urbanismo e Vivenda, José Manuel Mariño Mendoza.

2010009346

## NIGRÁN

Aprobado definitivamente o expediente administrativo correspondente á modificación das bases de execución 34ª e 35ª do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2009, actualmente prorrogado; cumprindo o establecido no artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, publícase o texto íntegro das bases de execución citadas:

### BASE 34ª.—RETRIBUCIÓN DOS MEMBROS CORPORATIVOS

As retribucións brutas anuais dos membros da Corporación que desempeñen o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, serán as seguintes, e distribuiránse en catorce mensualidades iguais, doce ordinarias e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro:

#### Dedicación exclusiva:

- O Alcalde, D. Efrén Juanes Rodríguez, 45.000,00 € anuais dende o 01.01.2009 ata o 30.06.2010, e 41.850,00 € anuais dende o 01.07.2010 .
- O Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado de Servizos Urbanos, Vías e Obras, D. David Giráldez Fernández, 42.000,00 € anuais dende o 01.01.2009 ata o 21.06.2010 .
- O Concelleiro delegado de Réxime Interno, Persoal e Contratacións, Medio Ambiente e Medio Rural, e Participación Cidadá, D. Juan José Hermida Lago, 36.000,00 € anuais dende o 01.01.2009 ata o 30.09.2009 .

#### B) Dedicación parcial:

- O Concelleiro delegado de Urbanismo e Vivenda, Economía, Facenda, Patrimonio Municipal e Promoción Empresarial (dende o 01.01.2009). Contratacións e Benestar Social (dende o 08.10.2009). Cultura (dende o 21.06.2010), D. Juan Antonio González Pérez, 18.000,00 € anuais dende o 01.01.2009 ata o 30.06.2010, e 17.100 € anuais dende o 01.07.2010.
- A Concelleira delegada de Educación e Turismo, Dª Mª Estela Pérez Pérez, 18.000,00 € anuais dende o 01.01.2009 ata o 30.06.2010, e 17.100 € anuais dende o 01.07.2010 .

A dedicación exclusiva implica unha dedicación preferente á xestión municipal, con un equivalente de horas anuais ás que dedican os funcionarios do Concello.

A dedicación parcial supón unha dedicación á xestión municipal equivalente á metade da dedicación exclusiva.

Os membros da Corporación con dedicación cotizarán á Seguridade Social pola xornada completa